



**MEMORIA DE ACTIVIDADE
EXERCICIO 2022**

MEMORIA DE ACTIVIDADE EXERCICIO 2022

1.- DATOS DA ENTIDADE

A. Identificación da entidade

Denominación: ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE AVANTE

Réxime Xurídico: Asociación sen ánimo de lucro

Registro de Asociacións: da provincia de A Coruña

Nº inscrición no rexistro correspondente:1982/1198-1

Data de inscrición: 06/09/1982

Inscrito no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E0031

Declarada de Utilidade pública o 4 de novembro 2011

CIF: G-15052442

B. Domicilio da entidade

Enderezo: Costa de Nariño-Niveiro, s/n 15873-Val do Dubra

Teléfono: 981 19 14 90 / 600 99 48 23

Correo electrónico: avante@cogami.gal

2.- FINS ESTATUTARIOS

Nos estatutos da organización aparecen perfectamente detallados e separados os fins ou a misión da entidade. Aínda que se enumeran ata un total de 16 poderíamolos resumir en:

Defender a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.

Promover a plena integración social, algo que en si mesmo conleva unha integración cultural e formativa, e unha integración económica e laboral, naqueles casos que sexa posible.

Promover as distintas actuacións necesarias e realizar os programas precisos para poder levar a cabo os obxectivos marcados nos dous primeiros puntos.

Fomentar a unión das persoas con discapacidade, facilitándolles os medios para acadar a súa dignificación e respecto.

Promocionar, participar e crear iniciativas que primen a inserción laboral de persoas con discapacidade na empresa tradicional ou en Centros Especiais de Emprego.

Promocionar, participar e poñer en funcionamento todas as actividades de carácter cultural e rehabilitador que supoñan unha mellora na calidade de vida das persoas con discapacidade.

3.- SOCIOS

108 persoas físicas

4. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS, RESULTADOS E BENEFICIARIOS

4.1. CENTRO OCUPACIONAL

A.-Identificación da actividade

Denominación da actividade: Centro Ocupacional de Niveiro

Servizos comprendidos na actividade: O Centro Ocupacional de Niveiro ofrece os seguintes servizos: formación de adultos, taller de coiro, obradoiro de encadernación, taller de horticultura e viveirismo, informática, terapia ocupacional, ximnasia de mantemento, psicomotricidade, fisioterapia, logopedia, obradoiro de teatro, actividades de ocio e tempo libre, servizo de cociña e comedor e transporte adaptado.

FORMACIÓN DE ADULTOS

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

A actividade de formación de adultos ten unha forte orientación cognitiva, aspecto básico e imprescindible en calquera proceso de planificación, toma de decisións, argumentación, resolución de conflitos, etc. Todas estas, cuestións inherentes á empoderación das persoas.

OBXETIVO XERAL:

- Adquirir e potenciar coñecementos, habilidades e capacidades que faciliten a integración socio-laboral.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Adquirir coñecementos básicos de lecto-escritura.
- Adquirir conceptos matemáticos básicos.
- Desenvolver a destreza manual.
- Interiorizar habilidades básicas de socialización.
- Promover o desenvolvemento integral das persoas: capacidades cognitivas, de inserción social, de equilibrio persoal e de relación social.
- Actualizar e completar a formación básica (ESO, Certificado de Escolaridade etc).
- Facilitar o acceso ós distintos niveis do sistema educativo.
- Analizar e debater sobre temas de actualidade.

Esta actividade desenvolveuse dende o luns 10 de xaneiro de 2022 ata o venres 23 decembro do mesmo ano, con interrupción no mes de agosto. O horario abrangue de luns a venres de 10:30 a 14:00, cun descanso de 30 minutos na metade da mañá.

Durante o 2022, no Centro Ocupacional, beneficiáronse deste programa 21 persoas.

TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Como seres sociais que somos a relación cos iguais xoga un papel determinante no noso benestar emocional e para calquera intento de integración a calquera nivel (familiar, laboral,...).

OBXETIVO XERAL:

- Desenvolver as habilidades precisas para establecer intercambios sociais positivos.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Solicitar axuda.
- Rexeitar peticións.
- Poñerse de acordo ante diferentes opinións.
- Aprender a cubrir formularios formais.
- Realizar diferentes xestións: bancarias, citas médicas,...

Ao longo do ano 21 persoas participaron na actividade que se desenvolveu os luns, mércores e venres (de 10:30 a 14:00 co descanso de media mañá) dende o 10 de xaneiro ata o 23 de decembro con interrupción no mes de agosto.

Esta actividade foi completado cun **obradoiro de teatro** cada quince días ao longo do ano.

COIRO

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Co taller de coiro os usuarios experimentan o desenvolvemento dunha actividade de tipo artesanal na que poden comprobar os resultados do seu traballo nun espazo curto de tempo, xa que téntase, na medida do posible, que participen en procesos completos para mostrarlles a súa capacidade para “fabricar” un obxecto útil ou decorativo (pulseiras, marcapáxinas, chaveiros, carteiras...) partindo dunha peza de coiro. Este feito favorece e estimula a motivación polo traballo e pola aprendizaxe dos usuarios.

OBXETIVO XERAL:

- Favorecer a adquisición de habilidades prelaborais

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- A adquisición de habilidades de traballo en equipo, respecto polas normas, cumprimento dos horarios, asimilación das obrigas, relacións interpersoais baseadas no respecto, aceptación das diferenzas entre persoas,...
- Coñecer o proceso de elaboración dun produto de coiro e levalo á práctica.
- Coñecer e desenvolver cada un dos subprocesos que conforman a actividade..

O taller comezou o 10 de xaneiro do 2022 e rematou o 23 de decembro do 2022, con interrupción no mes de agosto, co seguinte horario: luns, mércores e venres de 10:30 a 14:00 (descanso de 12:00 a 12:30) e martes e xoves de 13:00 a 14:00. E polas tardes luns, martes e xoves de 15:30 a 17:30.

Asistiron á actividade os 21 usuarios do Centro Ocupacional.

TALLER DE HORTICULTURA E VIVEIRISMO

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Situados nun entorno rural como estamos resulta moi significativo desenvolver unha actividade prelaboral relacionada coa terra onde ademais de plantar verduras e hortalizas para o autoconsumo, cultívase planta ornamental destinada á decoración tanto de espazos exteriores como interiores.

OBXETIVO XERAL:

- Favorecer a adquisición de habilidades prelaborais

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Adquirir as habilidades e destrezas básicas de traballo en horta e con plantas, tanto dentro do invernadoiro como ao aire libre
- Favorecer a adquisición de habilidades de traballo en equipo, respecto polas normas, cumprimento dos horarios, asimilación das obrigas, relacións interpersoais baseadas no respecto, aceptación das diferenzas entre persoas,...
- Coñecer os ciclos de cultivo.

- Familiarizarse coas técnicas e coidados que plantas e hortalizas precisan: sementado, rego, abono, desherbado, recollida, aplicación de tratamentos...

Do 10 de xaneiro do 2022 ao 23 de decembro do 2022, con interrupción no mes de agosto, co seguinte horario: luns, mércores e venres de 10:30 a 14:00 (descanso de 12:00 a 12:30) e martes e xoves de 13:00 a 14:00. E polas tardes luns, martes e xoves de 15:30 a 17:30.

INFORMÁTICA

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Xa que no centro estase a loitar pola integración do colectivo de persoas con discapacidade non podemos descoidar a formación nas TIC como ferramenta non só de traballo, senón tamén de ocio e socialización.

OBXECTIVO XERAL

- Coñecer unha ferramenta máis, facilitadora da integración socio-laboral das persoas con discapacidade.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Recoñecer as partes básicas do ordenador, base, pantalla, placa, teclado, botón de acendido, etc.
- Lograr o dominio do rato usándoo para seleccionar opcións (escritura, debuxo) na medida das posibilidades do usuario.
- Estimular a capacidade viso-motora e psico-motora dos usuarios co fin de favorecer o desenvolvemento da lecto-escritura a lóxica matemática e a creatividade (crebacabezas, xogos, etc.).
- Manexar o procesador de textos.
- Facer buscas na Internet.
- Acercarse ao uso das redes sociais.
- A videoconferencia como ferramenta social.
- O telefono como ferramenta complementaria ao ordenador.
- Seguridade e integridade persoal nas redes.

O horario asignado á actividade foi os martes e xoves de 13:00 a 14:00 comezando o 10 de xaneiro e rematando o 23 de decembro de 2022 con interrupción no mes de agosto. Participaron nela 14 persoas ao longo de todo o ano.

TERAPIA OCUPACIONAL

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Na actividade de Terapia Ocupacional trabállase polo desenvolvemento das habilidades necesarias para a autonomía na vida diaria, tanto a nivel físico como de aprendizaxe de habilidades e desenvolvemento da capacidade cognitiva. De xeito individualizado, e en función das necesidades de cada un, programouse o traballo específico a realizar con cada persoa participante.

- OBXECTIVO XERAL

- Fomentar a autonomía persoal no referido a habilidades básicas e instrumentais da vida diaria.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Aprender o manexo dos cartos co obxectivo de realizar compras, identificar, planificar e levar o control de gastos,...
- Planificar e secuenciar diferentes actividades, como por exemplo, a elaboración dunha comida equilibrada, previsión dos instrumentos e tempo necesarios para a súa elaboración e práctica da actividade dentro dos parámetros de bos hábitos na mesa.
- Fomentar o autoconñecemento co fin de valorar as propias potencialidades e fraquezas para que así poidan facer un uso adecuado delas ante unha problemática e no día a día.
- Desenvolver actividades para a mellora individual de habilidades físicas como equilibrio, forza, coordinación visomotora, lateralidade, destreza manipulativa, etc...
- Reforzar a orientación espazo-temporal co obxectivo de mellorar a comprensión da organización do calendario e do tempo.
- Aprender o uso de diversos electrodomésticos: lavadora, secadora, forno, batidora,...
- Adestramento na identificación e correcto uso dos recursos da comunidade para cubrir as necesidades que se lle presentan ou podan presentárselle.

A actividade desenvolveuse dende o 10 de xaneiro ata o 23 de decembro de 2022 no centro, na vivenda tutelada en Bemibre e en distintos establecementos comerciais na contorna. En todo momento o horario foi o seguinte: luns, mércores e venres de 10:30 a 14:00 (descanso de 12:00 a 12:30) e martes e xoves de 13:00 a 14:00. E polas tardes de luns, martes e xoves de 15:30 a 17:30.

Participaron na actividade os 21 usuarios do Centro Ocupacional.

XIMNASIA DE MANTEMENTO

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

A actividade de ximnasia de mantemento ofrece aos usuarios un marco onde poder levar á práctica unha actividade física baixo o control e a supervisión dun licenciado en INEF.

OBXETIVO XERAL:

- Romper co sedentarismo que sofren a maioría das persoas que acoden ao centro.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Fomentar o gusto pola práctica de deporte.
- Beneficiarse do traballo a nivel pulmonar, cardiovascular, metabólico, do sistema nervioso,....
- Adquirir hábitos hixiénicos despois da práctica do deporte.
- Fomentar valores como o traballo colaborativo e a deportividade.

A data de inicio foi o 10 de xaneiro do 2022 e prolongouse ata o 23 de decembro con interrupción das actividades en agosto. Realizándose en horario de 10:30h-12:00h da mañá os martes e xoves no

pavillón polideportivo de Val do Dubra. Complementouse con outras actividades como camiñadas polos arredores ou partiñóns entre os 21 compañeiros que se beneficiaron da actividade.

FISIOTERAPIA

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

A Fisioterapia é o conxunto de métodos, actuacións e técnicas que, mediante a aplicación de medios físicos, curan, prevenen e recuperan ás persoas afectadas de disfuncións somáticas ou ás que se desexa manter nun nivel adecuado de saúde.

OBXETIVO XERAL:

- Ofrecer un programa de atención individualizado para corrixir ou tentar paliar as consecuencias das limitacións físicas que cada un sofre.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Achegar ao rural un servizo de rehabilitación física.
- Complementar as actividades de ximnasia de mantemento e psicomotricidade.

A actividade, que comezou o 10 de xaneiro e rematou o 23 de decembro con interrupción das actividades en agosto, execútase os luns, mércores e venres en horario de 10:00 a 12:00 no centro de Niveiro onde contamos cun espazo destinado única e exclusivamente para ela e que ten o equipamento axeitado para poder desenvolvela nunhas condicións apropiadas.

9 foron os usuarios do Centro Ocupacional que se beneficiaron da mesma.

PSICOMOTRICIDADE

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Dentro do marco do centro, a Psicomotricidade é unha práctica que emprega a actividade motriz e o xogo para o tratamento dos trastornos ou retrasos na evolución dos individuos.

OBXETIVO XERAL:

- Incidir no desenvolvemento motriz e cognitivo da persoa.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Fomentar o desenvolvemento dos seguintes aspectos: control tónico-postural, control respiratorio, equilibrio, lateralidade, coordinación dinámica, disociación motriz, esquema corporal, coordinación visomotriz, orientación espacial, estruturación temporal, execución motriz.
- Ofrecer un amplo abanico de experiencias motrices e desenvolver o gusto polas mesmas.

A actividade comezou o 10 de xaneiro e rematou o 23 de decembro do 2022 con interrupción no mes de agosto. O horario da mesma foi de 10:30 a 11:15 os martes e os xoves e desenvolveuse no Pavillón Polideportivo de Bembibre (Val do Dubra), onde os 21 usuarios do Centro Ocupacional se beneficiaron da mesma.

LOGOPEDIA

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Na actividade de logopedia trabállase de xeito individual na dotación de ferramentas favorecedoras do proceso comunicativo como base da integración/inmersión social.

OBXETIVO XERAL:

- Dotar das ferramentas ou habilidades facilitadoras da comunicación.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Favorecer a habilitación da linguaxe.
- Favorecer a rehabilitación de trastornos da fala.
- Proporcionar sistemas alternativos ou aumentativos da linguaxe oral.
- Reforzar a musculatura participante no proceso de mastigación e deglución de alimentos.

O traballo desenvólvese os luns, mércores e venres de 10:30 a 14:00 (descanso de 12:00 a 12:30) en catro sesións de 45 minutos cada unha, comezando o 10 de xaneiro e rematando o 23 de decembro con interrupción no mes de agosto.

Tentouse dar continuidade ao traballo xa iniciado en anos anteriores e valorouse a incorporación de novos usuarios en función da avaliación logopédica realizada xunto coas posibilidades reais de aproveitamento da actividade; seguindo dito criterio 3 persoas foron os usuarios do Centro de Ocupacional que se beneficiaron do servizo.

ACTIVIDADES DE LECER

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Contemplamos as actividades de lecer como unha parte fundamental da dimensión social inherente a calquera ser humano. Por isto ademais no programa teñen cabida tanto as actividades de ocio cultural, como deportivo ou ocio puro como xogos varios.

OBXETIVO XERAL:

- Dispoñer dun marco dedicado exclusivamente ao gozo persoal.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Coñecer diversas posibilidades de ocio.
- Participar en actividades de ocio integrado na comunidade.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais e de relación social.
- Fomentar o autoconecemento.
- Favorecer a aprendizaxe de toma de decisións.

As actividades de ocio, de xeito xeral, desenvólvense as tardes dos venres (de 15:30 a 17:30) no marco do centro; aínda así tamén se programan outras en función da oferta do momento que varían no horario e a localización en función de cada unha delas.

Os 21 usuarios do Centro Ocupacional participaron en diversas actividades das que formaron o programa.

ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Dar a coñecer a realidade das persoas con discapacidade interactuando coa sociedade que rodea o centro.

OBXETIVO XERAL:

- Promover a integración social das persoas con discapacidade e sensibilizar sobre a súa situación.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Participar en e desenvolver actividades formativas con persoas con e sen discapacidade en igualdade de condicións

- Participar en e desenvolver actividades culturais e lúdicas con persoas con e sen discapacidade en igualdade de condicións

No ano 2022 as persoas usuarias do CO foron protagonistas de dúas campañas de sensibilización.

XIRA DE TEATRO

En Cooperación coa compañía de teatro Culturactiva SCL o noso grupo de teatro desenvolveu dez actuacións de teatro en 10 concellos distintos entre xuño e novembro, de balde e abertos ao público xeral.

03/06 A Baña
30/09 Santa Comba
07/10 Val do Dubra
14/10 Ordes
21/10 Viveiro
28/10 Tordoia 20:00
29/10 Cerceda
7/11 Brión
14/11 A Coruña
26/11 Sigüeiro

Durante o 2022, no Centro Ocupacional, beneficiáronse deste programa 9 persoas como actores e 12 como espectadores.

CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN NOS COLEXIOS DA CONTORNA

Xunto con profesionais do centro as persoas usuarias visitaron 13 colexios de nove concellos distintos da nosa contorna. Un total de 540 alumnos e 30 profesionais da educación asistiron as charlas de sensibilización e información.

Das persoas usuarias do Centro Ocupacional 19 participaron nas charlas e visitas aos establecementos educativos.

TRANSPORTE ADAPTADO

O servizo de transporte adaptado permite que os usuarios do Centro de Recursos poidan asistir diariamente ás actividades. Para realizar o servizo en óptimas condicións a Asociación dispoñe xa de cinco furgonetas en propiedade e outro vehículo cedido.

Este servizo encárgase de recoller aos usuarios nas súas casas pola mañá e levalos de novo unha vez rematadas as actividades. Ademais de empregalas para os percorridos diarios, con estas furgonetas realízanse os desprazamentos para asistir ás actividades que se fan fóra do centro, ou para realizar saídas. Tamén se poñen a disposición doutras actividades que poida organizar o centro de xeito que se facilite o acceso dos usuarios ás mesmas.

COMEDOR

O centro conta cunha cociñeira que diariamente prepara a comida na cociña do propio centro. Os menús (elaborados por un nutricionista) sempre contan con primeiro e segundo prato, ademais da sobremesa.

Téntase ofrecer unha dieta equilibrada e nutritiva, polo que se inclúen todo tipo de alimentos: pastas, legumes, hortalizas, verduras, carnes, pescados, froitas, lácteos,...

Contamos coa posibilidade de realizar menús personalizados cando por prescrición médica sexa necesario.

Está actividade está integrada co obradoiro de horta e viveirismo cun forte compoñente autoconsumo nas épocas de colleita.

B.- Recursos humanos asignados a actividade

Persoal asalariado: 14

Persoal en contrato de servizos: 4

C.- Beneficiarios da actividade

Número total de beneficiarios/as: 21 persoas con discapacidade

Clases de beneficiarios/as: Persoas con discapacidade intelectual e mixta

Requisitos esixidos para ostentar a condición de beneficiario/a: Ser persoas con discapacidade recoñecida polo EVO, e lle sexa recoñecida un grao de dependencia I ou superior.

Grao de atención que reciben os beneficiarios/as: Os usuarios recóllense as 9:00 horas no seu domicilio e regresan as 18:00 horas, nese tempo que están no centro están realizando diferentes actividades e teñen tamén servizo de comedor, teñen ocupado o 100% do tempo.

D.- Resultados obtidos e grao de cumprimento

Resultados obtidos coa realización da actividade: Os resultados son bos, xa que as diferentes actividades que se realizan no Centro son valoradas polos usuarios e familias nuns cuestionarios de satisfacción que se cobren anualmente, tendo como resultado que o 95% dos usuarios están satisfeitos e o 100% das familias.

Grao ou nivel de cumprimento dos fins estatutarios: Co Centro Ocupacional e coas diferentes actividades que se desenvolven no mesmo, ademais das de ocio e tempo libre, deportes, asesoramento e información os socios, cumprimos o 100% dos fins dos nosos estatutos.

4.2. CENTRO DE DÍA

A.-Identificación da actividade

Denominación da actividade: Centro de Día de Niveiro

Servizos comprendidos na actividade: O Centro de Día de Niveiro ofrece os seguintes servizos: formación de adultos, taller de encadernación, informática, habilidades sociais, terapia ocupacional, ximnasia de mantemento, psicomotricidade, fisioterapia, logopedia, atención psicolóxica, taller de teatro, actividades de ocio e tempo libre, servizo de cociña e comedor e transporte adaptado.

Breve descrición da actividade:

FORMACIÓN DE ADULTOS

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

A actividade de formación de adultos ten unha forte orientación cognitiva, aspecto básico e imprescindible en calquera proceso de planificación, toma de decisións, argumentación, resolución de conflitos, etc. Todas estas cuestións inherentes á empoderación das persoas. No caso do Centro de Día resérvase un espazo na actividade para o traballo específico das habilidades sociais, pois sen elas dificilmente se entende a inserción social.

OBXETIVO XERAL:

- Adquirir e potenciar coñecementos, habilidades e capacidades que faciliten a integración social do colectivo.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Adquirir coñecementos básicos de lecto-escritura.
- Adquirir conceptos matemáticos básicos.
- Desenvolver a destreza manual.
- Interiorizar habilidades básicas de socialización.
- Promover o desenvolvemento integral das persoas: capacidade cognitiva, de inserción social, de equilibrio persoal e de relación social.
- Actualizar a formación básica.
- Facilitar o acceso ós distintos niveis do sistema educativo.
- Fomentar a capacidade de conversa e debate: aceptación de opinións diferentes á propia, aceptar e dicir negativas,....
- Fomentar a capacidade de empatía.
- Identificar a linguaxe corporal e facial.
- Interiorizar o uso de fórmulas de relación positivas: “por favor” e “grazas”.

Esta actividade desenvolveuse dende o luns 10 de xaneiro de 2022 ata o venres 23 decembro do mesmo ano, con interrupción das actividades presenciais no centro en agosto, no seguinte horario:

luns, mércores e venres de 10:30 a 14:00, cun descanso de 30 minutos na metade da mañá; martes e xoves de 13:00 a 14:00.

Durante o 2022, no Centro de Día, beneficiáronse deste programa 11 persoas.

TALLER DE HABILIDADES SOCIAIS

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Como seres sociais que somos a relación cos iguais xoga un papel determinante no noso benestar emocional e a calquera nivel de integración (familiar, social,...).

OBXETIVO XERAL:

- Desenvolver as habilidades precisas para establecer intercambios sociais positivos.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Empregar fórmulas de cortesía.
- Saudar no momento e forma axeitados.
- Recoñecer a linguaxe facial.
- Rexeitar peticións.
- Poñerse de acordo ante diferentes opinións.

Ao longo do ano 11 persoas participaron na actividade que se desenvolveu os luns, mércores e venres (de 10:30 a 14:00 co descanso de media mañá) dende o 8 de xaneiro ata o 22 de decembro con interrupción no mes de agosto.

TALLER DE ENCADERNACIÓN

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Na actividade de encadernación realízanse diversas tarefas relacionadas todas elas co papel. O que se pretende fomentar a práctica de actividades de corte manipulativo que sirvan de complemento na formación dos usuarios.

OBXETIVO XERAL:

- Desenvolver a destreza manual

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Favorecer o desenvolvemento da motricidade fina e a coordinación óculo- motriz.
- Potenciar a expresión artística.
- Favorecer a experimentación con diversos materiais.

O eixe do traballo diario é a encadernación, xa sexa empregando a ferramenta propia do taller como a encadernadora e os espirais, ou de forma artesanal onde os usuarios cosen a man libretas, axendas, álbumes de fotos,...

Da actividade beneficiáronse 11 persoas usuarias do CD. Comezando o 10 de xaneiro de 2022 e rematando o 23 de decembro do mesmo ano con interrupción no mes de agosto. O horario que se lle asignou foi as mañás de luns, mércores, e venres de 10:30 a 14:00 (media hora de descanso); e a do xoves de 13:00 a 14:00. E as tardes de luns, martes e xoves de 15:30 a 17:30.

INFORMÁTICA

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Xa que no centro estase a loitar pola integración do colectivo de persoas con discapacidade non podemos descoidar a formación nas TIC como ferramenta non só de traballo, senón tamén de ocio e socialización.

OBXETIVO XERAL:

- Facilitar o acceso ás TIC.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Recoñecer as partes básicas do ordenador, base, pantalla, placa, teclado, botón de acendido, etc.
- Lograr o dominio do rato usándoo para seleccionar opcións (escritura, debuxo) na medida das posibilidades do usuario.
- Estimular a capacidade viso-motora e psico-motora dos usuarios co fin de favorecer o desenvolvemento da lecto-escritura a lóxica matemática e a creatividade (rompecabezas, xogos, etc.).
- Manexar o procesador de textos.
- Facer buscas na Internet.
- Acercarse ao uso das redes sociais.
- A videoconferencia como ferramenta social.
- Seguridade e integridade persoal nas redes.

Ao grupo de Centro Ocupacional que xa existía engadíuselle outro formado por 5 persoas do Centro de Día que asistía os venres de 10:30 a 12:00.

TERAPIA OCUPACIONAL

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Na actividade de Terapia Ocupacional trabállase polo desenvolvemento das habilidades necesarias para a autonomía na vida diaria, tanto a nivel físico como de aprendizaxe de habilidades, polo que de xeito individualizado e en función das necesidades de cada un programouse o traballo específico a realizar con cada usuario participante.

- Fomentar a autonomía persoal no referido a habilidades básicas e instrumentais da vida diaria.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Desenvolver habilidades de aseo persoal: ducha, peiteado, limpeza tras deposición,...

- Adquirir bos hábitos na mesa: manexo de cubertos, control postural, uso do pano da mesa,...

- Fomentar o autoconhecimento co fin de valorar as propias potencialidades e fraquezas para que así poidan facer un uso adecuado delas ante unha problemática e no día a día.

- Desenvolver actividades para a mellora individual de habilidades físicas como equilibrio, forza, coordinación visomotora, lateralidade, destreza manipulativa, etc...

- Reforzar a orientación espacio-temporal co obxectivo de mellorar a comprensión da organización do calendario e do tempo.

A actividade desenvolveuse dende o 10 de xaneiro ata o 23 de setembro de 2022 con interrupción no mes de agosto. o horario foi o seguinte: luns, mércores e venres de 10:30 a 14:00 (descanso de 12:00 a 12:30) e martes e xoves de 13:00 a 14:00. E polas tardes de luns, martes e xoves de 15:30 a 17:30.

Participaron na actividade os 11 usuarios do Centro de Día.

XIMNASIA DE MANTEMENTO

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

A actividade de ximnasia de mantemento ofrece aos usuarios un marco onde poder levar á práctica unha actividade física baixo o control e a supervisión dun Licenciado en INEF.

- Romper co sedentarismo que sofren a maioría das persoas que acoden ao centro.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Fomentar o gusto pola práctica de deporte.

- Beneficiarse do traballo a nivel pulmonar, cardiovascular, metabólico, do sistema nervioso,...

- Adquirir hábitos hixiénicos despois da práctica do deporte.

- Fomentar valores como o traballo colaborativo e a deportividade.

A data de inicio foi o 10 de xaneiro do 2022 e prolongouse ata o 22 de decembro con interrupción no mes de agosto.. Realizándose en horario de 10:30h-12:00h da mañá os martes e xoves no pavillón polideportivo de Val do Dubra e no Centro de Niveiro durante peches temporais do pavillón. Complementouse con outras actividades como camiñadas polos arredores ou partidiños entre os 11 beneficiarios da actividade.

FISIOTERAPIA

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

A Fisioterapia é o conxunto de métodos, actuacións e técnicas que, mediante a aplicación de medios físicos, curan, preveñen e recuperan ás persoas afectadas de disfuncións somáticas ou ás que se desexa manter nun nivel adecuado de saúde.

OBXETIVO XERAL:

- Ofrecer un programa de atención individualizado para corrixir ou tentar paliar as consecuencias das limitacións físicas que cada un sofre.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Achegar ao rural un servizo de rehabilitación física.
- Complementar a actividade de ximnasia de mantemento.

A actividade, que comezou o 10 de xaneiro e rematou o 23 de decembro, con interrupción no mes de agosto, execútase os luns, mércores e venres en horario de 10:00 a 12:00 no centro de Niveiro onde contamos cun espazo destinado única e exclusivamente para ela e que ten a equipación mínima para poder desenvolve-la nunhas condicións apropiadas.

6 foron os usuarios do Centro de Día que se beneficiaron da mesma.

PSICOMOTRICIDADE

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Dentro do marco do centro, a Psicomotricidade é unha práctica que emprega a actividade motriz e o xogo para o tratamento dos trastornos ou retrasos na evolución dos individuos.

OBXETIVO XERAL:

- Incidir no desenvolvemento motriz e cognitivo da persoa.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Fomentar o desenvolvemento dos seguintes aspectos: control tónico-postural, control respiratorio, equilibrio, lateralidade, coordinación dinámica, disociación motriz, esquema corporal, coordinación visomotriz, orientación espacial, estruturación temporal, execución motriz.
- Ofrecer un amplo abanico de experiencias motrices e desenvolver o gusto polas mesmas.

A actividade comezou o 10 de xaneiro e rematou o 22 de decembro do 2022. O horario da mesma foi de 10:30 a 11:15 os martes e os xoves e desenvolveuse no Pavillón Polideportivo de Bembibre e no CRD de Niveiro para 11 usuarios do Centro de Día.

LOGOPEDIA

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Na actividade de logopedia trabállase de xeito individual no dotación de ferramentas favorecedoras do proceso comunicativo como pilar da integración/inmersión social.

OBXETIVO XERAL:

- Dotar das ferramentas ou habilidades facilitadoras da comunicación.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Favorecer a habilitación da linguaxe.
- Favorecer a rehabilitación de trastornos da fala.
- Proporcionar sistemas alternativos ou aumentativos da linguaxe oral.
- Reforzar a musculatura participante no proceso de mastigación e deglución de alimentos.

O traballo desenvólvese os luns, mércores e venres de 10:30 a 14:00 (descanso de 12:00 a 12:30) en catro sesións de 45 minutos cada unha, comezando o 10 de xaneiro e rematando o 23 de decembro con interrupción no mes de agosto.

Os criterios para a participación na actividade foron a necesidade que se valorou despois da avaliación logopédica e a continuidade das intervencións xa iniciadas en anos anteriores. Seguindo dito criterio 7 persoas foron os usuarios do Centro de Día que se beneficiaron do servizo.

LECER

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Contemplamos as actividades de lecer como unha parte fundamental da dimensión social inherente a calquera ser humano. Por isto ademais no programa teñen cabida tanto as actividades de ocio cultural, como deportivo ou ocio puro como xogos varios.

OBXETIVO XERAL:

- Dispoñer dun marco dedicado exclusivamente ao disfrute persoal.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Coñecer diversas posibilidades de ocio.
- Participar en actividades de ocio integrado na comunidade.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais e de relación social.
- Fomentar o autoconecemento.
- Favorecer a aprendizaxe de toma de decisións.

As actividades de ocio, de xeito xeral desenvólvense as tardes dos venres (de 15:30 a 17:30) no marco do centro; aínda así tamén se programan outras segundo a oferta do momento que varían no horario e a localización en función de cada unha delas.

Os 11 usuarios do Centro de Día participaron neste programa:

ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

Dar a coñecer a realidade das persoas con discapacidade interactuando coa sociedade que rodea o centro.

OBXETIVO XERAL:

- Promover a integración social das persoas con discapacidade e sensibilizar sobre a súa situación.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Participar en e desenvolver actividades formativas con persoas con e sen discapacidade en igualdade de condicións

- Participar en e desenvolver actividades culturais e lúdicas con persoas con e sen discapacidade en igualdade de condicións

No ano 2022 as persoas usuarias do CD foron protagonistas de dúas campañas de sensibilización.

XIRA DE TEATRO

En Cooperación coa compañía de teatro Culturactiva SCL o noso grupo de teatro desenvolveu dez actuacións de teatro en 10 concellos distintos entre xuño e novembro, de balde e abertos ao público xeral.

03/06 A Baña
30/09 Santa Comba
07/10 Val do Dubra
14/10 Ordes
21/10 Viveiro
28/10 Tordoia 20:00
29/10 Cerceda
7/11 Brión
14/11 A Coruña
26/11 Sigüeiro

Durante o 2022, no Centro de Día, beneficiáronse deste programa 1 persoa como actor e 8 como espectadores.

CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN NOS COELXIOS DA CONTORNA

Xunto con profesionais do centro as persoas usuarias visitaron 13 colexios de nove concellos distintos da nosa contorna. Un total de 540 alumnos e 30 profesionais da educación asistiron as charlas de sensibilización e información.

Das persoas usuarias do Centro de Día 5 participaron nas charlas e visitas aos establecementos educativos.

TRANSPORTE ADAPTADO

O servizo de transporte adaptado permite que os usuarios do Centro de Recursos poidan asistir diariamente ás actividades. Para realizar o servizo en óptimas condicións a Asociación conta con cinco furgonetas en propiedade e un vehículo cedido.

Este servizo encárgase de recoller aos usuarios nas súas casas pola mañá e levalos de novo unha vez rematadas as actividades. Ademais de empregalas para os percorridos diarios, con estas furgonetas realízanse os desprazamentos para asistir ás actividades que se fan fóra do centro, ou para realizar saídas. Tamén se poñen a disposicións doutras actividades que poida organizar o centro de xeito que se facilite o acceso dos usuarios ás mesmas.

COMEDOR

O centro conta cunha cociñeira que diariamente prepara a comida na cociña do propio centro. Os menús (elaborados por un nutricionista) sempre contan con primeiro e segundo prato, ademais da sobremesa.

Téntase ofrecer unha dieta equilibrada e nutritiva, polo que se inclúen todo tipo de alimentos: pastas, legumes, hortalizas, verduras, carnes, pescados, froitas, lácteos,...

Contamos coa posibilidade de realizar menús personalizados cando por prescrición médica sexa necesario.

Está actividade está integrada co obradoiro de horta e viveirismo cun forte compoñente autoconsumo nas épocas de colleita.

B.- Recursos humanos asignados a actividade

Persoal asalariado: 14

Persoal en contrato de servizos: 4

C.- Beneficiarios da actividade

Número total de beneficiarios/as: 11 persoas con discapacidade

Clases de beneficiarios/as: Persoas con discapacidade intelectual e mixta. Requisitos esixidos para ostentar a condición de beneficiario/a: Ser persoas con discapacidade recoñecida polo EVO, e lle sexa recoñecida un grao de dependencia I ou superior.

Grao de atención que reciben os beneficiarios/as: Os usuarios recóllense as 9:00 horas no seu domicilio e regresan as 18:00 horas, nese tempo que están no centro están realizando diferentes actividades e teñen tamén servizo de comedor, teñen ocupado o 100% do tempo.

D.- Resultados obtidos e grao de cumprimento

Resultados obtidos coa realización da actividade: Os resultados son bos, xa que as diferentes actividades que se realizan no Centro son valoradas polos usuarios e familias nuns cuestionarios de satisfacción que se cobren anualmente, tendo como resultado que o 95% dos usuarios están satisfeitos e o 100% das familias.

Grao ou nivel de cumprimento dos fins estatutarios: Co Centro ocupacional e cas diferentes actividades que se desenvolven no mesmo, ademais das de ocio e tempo libre, deportes, asesoramento e información os socios, cumprimos o 100% dos fins dos nosos estatutos.

4.3. VIVENDA TUTELADA

A. Identificación da actividade

Denominación da actividade: Vivenda Tutelada de Avante

Servizos comprendidos na actividade: A Vivenda Tutelada de Avante dentro do marco de promoción da vida autónoma ofrece os servizos propios de un recurso de carácter residencial (aloxamento, lavandería, manutención,...) pero dende a perspectiva da autoxestión e realización por parte dos usuarios da mesma. É dicir, Avante ten os recursos materiais pero son as persoas que alí viven as que realizan ditas actividades. Isto na práctica tradúcese nos seguintes programas: habilidades instrumentais (coa autoxestión das tarefas propias do fogar), habilidades de relación social e tempo de lecer e ocio.

Breve descrición da actividade:

PROGRAMA DE HABILIDADES INSTRUMENTAIS

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

As necesidades propias da vivenda están a servir de canle para o desenvolvemento e aprendizaxe das tarefas que esixe calquera fogar: limpeza, cociña, roupa,... Aínda que no recurso preténdese dar un paso máis aló, pois non só se busca o correcto desenvolvemento senón a identificación de xeito autónomo da necesidade e a consecuente posta en práctica do aprendido.

OBXETIVO XERAL:

- Identificar as necesidades en canto a tarefas domésticas da vivenda e levar á práctica as actividades pertinentes.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Aprender a desenvolver actividades de limpeza xeral: varrer, fregar o chan, limpar o po, limpar os espellos/cristais, limpar os sanitarios e limpar os azulexos.

- Aprender a desenvolver a limpeza da cociña: louza e cubertos, potas, tixolas encimera, mesa, vitrocerámica e demais electrodomésticos.

- Usar dentro duns parámetros de seguridade diferentes electrodomésticos: forno, batidora, cafeteira,...

- Planificar e elaborar menús sans.

- Planificar e realizar a compra en relación aos menús planificados.

- Facer a cama.

- Facer e recoller a colada.

- Levar o control de gastos da vivenda.

- Identificar as necesidades da casa e actuar en consecuencia de xeito autónomo.

Durante o ano 2022 foron 7 as persoas que se beneficiaron do servizo.

PROGRAMA DE HABILIDADES DE RELACIÓN SOCIAL

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

A convivencia na vivenda require dunha serie de habilidades de relación social para que se desenvolva con cordialidade, habilidades necesarias tamén en calquera eido no que se dean interaccións con outras persoas.

OBXETIVO XERAL:

- Desenvolver e interiorizar habilidades de relación social.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Implicarse nas tarefas propias do fogar.
- Manter limpos os espazos persoais e comúns.
- Amosar unha actitude proactiva de cara á convivencia: conversa, axuda, traballo en equipo, ofrecer e argumentar propostas, debate, toma de decisións colexiada,...
- Relacionarse dende o respecto.

PROGRAMA DE LECER

DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:

No espazo da vivenda contémplanse as actividades de lecer como vehículo da socialización dos usuarios. Preténdese ademais ofrecer unha ampla variedade de opcións para que cada un deles progrese no seu autocoñecemento e despois poidan elixir con máis criterio.

Para o desenvolvemento da actividade créanse actividades específicas: obradoiros de repostería, de manualidades, visionado de películas, música, festas temáticas,... como se aproveitan os recursos que ofrécenos a comunidade: cine, piscina, teatro, concertos, actividades de nadal, saír de cea, actividades deportivas, visitas a museos, ...

OBXETIVO XERAL:

- Ter un espazo para o gozo persoal como parte importante do desenvolvemento das persoas.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

- Coñecer diversas posibilidades de ocio.
- Participar en actividades de ocio integrado na comunidade.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais e de relación social.
- Fomentar o autocoñecemento.
- Favorecer a aprendizaxe de toma de decisións.
- Desenvolver o gusto polas disciplinas artísticas.
- Aproveitar o ocio como fonte de coñecemento.

O horario de apertura da vivenda é de luns, ás 17:30 a venres ás 09:30, pois os fins de semana permanece pechada. Ademais complementábase co servizo de Centro Ocupacional dado que todos os usuarios da primeira compaxinan ambos recursos.

B.- Recursos humanos asignados a actividade

Persoal asalariado: 3

C.- Beneficiarios da actividade

Número total de beneficiarios/as: 6 persoas con discapacidade de xeito continuado e tres de xeito puntual.

Clases de beneficiarios/as: Persoas con discapacidade intelectual e mixta

Requisitos esixidos para ostentar a condición de beneficiario/a: Ser persoas con discapacidade recoñecida polo EVO, e lle sexa recoñecida un grao de dependencia I ou superior.

Grao de atención que reciben os beneficiarios/as: Os usuarios permanecen na vivenda dende as 17:45 ata ás 9:45 horas. Nese tempo que están no centro realizan diferentes actividades e dispoñen de tempo libre para xestionar segundo a súas preferencias.

D.- Resultados obtidos e grao de cumprimento

Resultados obtidos coa realización da actividade: Os resultados son bos, xa que as diferentes actividades que se realizan na Vivenda son valoradas polos usuarios e familias nuns cuestionarios de satisfacción que se cobren anualmente, tendo como resultado que o 95% dos usuarios están satisfeitos e o 100% das familias.

Grao ou nivel de cumprimento dos fins estatutarios: Ca Vivenda e cas diferentes actividades que se desenvolven na mesmo, ademais das de ocio e tempo libre, deportes, asesoramento e información os socios, cumprimos o 100% dos fins dos nosos estatutos.

5. INFORMACIÓN XERAL SOBRE MEDIOS DA ASOCIACIÓN

A.-MEDIOS PERSOAIS

Persoal asalariado

1	Director
1	Traballadora social / Coordinadora
1	Xefe de equipo
2	Monitor de taller
2	Técnicos de integración social
3	Coidadores
1	Cociñeira
3	Condutores

Profesionais con contratos de arrendamentos de servizos

1	Fisioterapeuta
1	Monitor e actividades físicas
1	Logopeda
1	Persoal de limpeza

B.- MEDIOS MATERIAIS

Centros ou establecementos da entidade

Número: 1 Centro de Recursos (centro ocupacional e centro de día) e 1 Vivenda unifamiliar

Titularidade ou relación xurídica: Asociación de Persoas con Discapacidade AVANTE

Localización: Nariño-Niveiro e Bembibre (Val do Dubra)

Equipamento

Número: Todas as aulas e talleres esta equipados coa maquinaria necesaria, a aula de informática con 12 ordenadores , fisioterapia coas máquinas de rehabilitación necesarias, etc., en conxunto o centro esta totalmente equipado e adaptado.

Equipamento e vehículos: Dispoñemos de 5 furgonetas adaptadas para o transporte dos usuarios do centro; e na vivenda contan con outra para os desprazamentos, principalmente de cara a actividade de ocio. Localización/identificación: Ambos centros están situados no concello de Val do Dubra. O Centro de Recursos en Costa de Nariño-Niveiro, s/n. E a Vivenda en Rúa Muíños- Bembibre.

6.-RETRIBUCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA NO DESENVOLVEMENTO DAS SUAS FUNCIONES: Os membros da Xunta Directiva non teñen retribucións por exercer as funcións de membros da Xunta

7.- ORGANIZACIÓN DOS DISTINTOS SERVIZOS, CENTROS OU FUNCIONES NAS QUE SE DIVERSIFICA A ACTIVIDADE DA ENTIDADE:

AVANTE dispón dun centro ocupacional e de día no concello de Val do Dubra, así como de unha Vivenda Tutelada e tamén da información e asesoramento aos socios, realiza calquera trámite administrativo as persoas con discapacidade da comarca, organiza cursos de formación, esta inscrita no rexistro de entidades do voluntariado, organiza actividades deportivas e de ocio, escola de familias, transporte adaptado, etc.

Balance de Situación

Empresa 00025 - AVANTE

Página

1

Fecha listado

31/03/2023

Observaciones

Período

De Enero a Diciembre

ACTIVO		2022
A) ACTIVO NON CORRENTE		504.014,70
I. Inmovilizado intanxible		70.435,60
206	APLICACIONES INFORMÁTICAS	115,43
207	INMOBILIZACIONES INTANXIBLES	176.706,79
280	AMORT. ACUM. INMOB. INTANXIBLE	-106.386,62
III. Inmovilizado material		433.506,30
210	TERREOS E BENS NATURAIS	3.500,00
211	CONSTRUCCIONS	764.195,05
212	INSTALACIONES TECNICAS	27.063,68
213	MAQUINARIA	21.142,12
214	UTILLAXE	5.127,61
216	MOBILIARIO	55.133,96
217	EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFOR	21.084,69
218	ELEMENTOS DE TRANSPORTE	152.052,42
219	OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL	23.609,10
281	AMORT. ACUM. INMOB. MATERIAL	-639.402,33
VI. Inversións financeiras a longo prazo		72,80
260	FIANZAS CONSTITUIDAS A L/ P	72,80
B) ACTIVO CORRENTE		368.222,30
II. Usuarios e outros debedores da act.propia		76.588,70
447	PATROCINADORES, AFILIADOS E OU	3.769,00
448	USUARIOS E DEBEDORES VARIOS	72.819,70
III. Debedores comerciais e outras ctas.a cobrar		99.187,96
430	CLIENTES	20.659,96
470	HP, DEUDORA DIVERSOS CONCEPTOS	78.528,00
IV. Inv.en ent.grupo e asoc.a curto prazo		20.000,00
532	CRÉDITOS A CP A PARTES VINCUL.	20.000,00
VI. Periodificacións a curto prazo		2.499,17
480	GASTOS ANTICIPADOS	2.499,17
VII. Efectivo outros activos líquidos equivalen		169.946,47
570	CAIXA, EUROS	367,70
572	BCOS E INS.CRED. C/C VIS.,EURO	169.578,77
TOTAL ACTIVO (A + B)		872.237,00

Balance de Situación

Empresa 00025 - AVANTE

Página

2

Fecha listado

31/03/2023

Observaciones

Período

De Enero a Diciembre

PASIVO		2022
A) PATRIMONIO NETO		777.549,52
A-1) Fondos propios		284.460,95
I. Dotación Fundacional/Fondo social		347.258,95
1. Dotación fundacional/Fondo social		347.258,95
101	FONDO SOCIAL	347.258,95
II. Reservas		-32.507,52
113	RESERVAS VOLUNTARIAS	-32.507,52
III. Excedentes de ejercicios anteriores		-9.224,12
121	RDOS NEGATIVOS EXS. ANTERIORES	-9.224,12
IV. Excedente do exercicio		-21.066,36
A-3) Subvencións,doazóns legados recibidos		493.088,57
130	SUBVENCIONS OFICIAIS DE CAPITA	493.088,57
C) PASIVO CORRENTE		94.687,48
II. Débedas a curto prazo		79.422,76
3. Outras débedas a curto prazo		79.422,76
522	DEUDAS CP TRANSFO. SUBVENCIONS	79.422,76
V. Acredores comerciais e outras ctas.a pagar		15.264,72
1. Provedores		1.727,68
400	PROVEEDORES	1.553,98
403	PROVEEDORES, EMPRESAS DEL GRU	173,70
2. Outros acredores		13.537,04
410	ACREDORES POR PRESTACIONES DE	3.469,84
475	FP, ACREED. CONCEPTOS FISCAIS	4.353,07
476	ORGANI.DA SS.SS.,ACREDORES	5.714,13
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)		872.237,00

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa 00025 - AVANTE

Página

1

Fecha listado

31/03/2023

Observaciones

Período

De Enero a Diciembre

2022

1. Ingresos da actividade propia	129.503,42
a) Cotas de asociados e afiliados	132,00
720 COTAS DE ASOCIADOS E AFILIADOS	132,00
b) Aportacións de usuarios	35.246,00
721 COTAS USUARIOS	35.246,00
c) Ingresos de promocións, patrocin. e colabo	2.000,00
722 PROMOCIONS PARA CAPTACIÓN REC	2.000,00
d) Subvs,doaz. e leg. imput. a rdos exerc.	92.125,42
740 SUBV.,DOAZ. E LEGADOS EXPLOTA.	91.765,42
748 BONIFICACIÓN POR FORMACIÓN PER	360,00
2.Vendas e outros ingresos da actividade mercantil	254.774,90
705 PRESTACIONES DE SERVICIOS	254.774,90
3. Gastos por axudas e outros	-541,12
c) Gastos por colaboracións e do órgano gober	-541,12
654 REMBOLSO GASTOS ORG.GOVERNO	-541,12
6. Aprovisionamentos	-27.594,01
600 COMPRA BENS DESTINADOS A ACTIV	-1.935,95
601 COMPRAS DE ALIMENTACIÓN	-24.245,42
602 COMPRAS MATERIAL LIMPEZA	-1.412,64
8. Gastos de persoal	-281.334,29
640 SOLDOS E SALARIOS	-227.322,29
641 INDEMNIZACIONES	-2.220,54
642 SEGURID. SOCIAL A C/ENTIDADE	-51.431,46
649 OUTROS GASTOS SOCIAIS	-360,00
9. Outros gastos da actividade	-92.056,15
621 ALUGUERES E CANONS	-1.353,90
622 REPARACIONES E CONSERVACION	-29.189,70
623 SERVICIOS PROFESIONAIS INDEP.	-17.695,00
625 PRIMAS DE SEGUROS	-6.613,45
626 SERVICIOS BANCARIOS E SIMILARES	-594,75
627 PUBLICID., PROPAGANDA E RR.PP.	-96,80

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa 00025 - AVANTE

Página 2
Fecha listado 31/03/2023
Período De Enero a Diciembre

Observaciones

2022

628	SUMINISTROS	-31.804,20
629	OUTROS SERVICIOS	-3.971,85
631	OUTROS TRIBUTOS	-736,50
10.	Amortización do immobilizado	-37.529,76
680	AMORTIZACIÓN DEL INMOV.INMATER	-5.919,00
681	AMORTIZAC. INMOBILIZ. MATERIAL	-31.610,76
11.	Subvs,doaz,legs.de cap.trasp.excedente exercic	33.110,09
745	SUBVENCIONS, DOAZONES E LEGAD	33.110,09
13.	Deterioro e rtdo enaxenación de inmob e outros	0,56
678	GASTOS EXCEPCIONAIS	-0,45
778	INGRESOS EXCEPCIONAIS	1,01
A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE		-21.666,36
14.	Ingresos financeiros	600,00
762	INGRESOS DE CRÉDITOS	600,00
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS		600,00
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS		-21.066,36
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMON NETO RECOÑECIDO N		-21.066,36